



Reclamante: Plataforma na defensa da terra de Coristanco
Expediente. Nº **RSCTG 0099/2017**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

En resposta á reclamación presentada por [REDACTED] en representación da Plataforma na defensa da terra de Coristanco, mediante escrito do 30 de outubro de 2017, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] en representación da Plataforma na defensa da terra de Coristanco presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 30 de outubro de 2017, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desestimada unha solicitude de acceso á información por parte da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia.

O interesado indicaba que solicitara no mes de xullo á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta que se lle permitira o “ acceso á tramitación ambiental do expediente CO/0357/2012, referido á planta de compostaxe da empresa [REDACTED] sita no lugar de A Furoca, concello de Coristanco”, igualmente solicitara a copia dixitalizada do referido expediente que obra na citada consellería.

O escrito dicía que viña acompañado da copia da solicitude ante a Consellería de Medio Ambiente, pero non era así.

Segundo. Con data 6 de novembro de 2017 déuselle traslado da documentación achegada polo interesado á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 8 de novembro de 2017.

Terceiro. Con data 14 de decembro de 2017 se recibiu o informe da consellería e o expediente elaborado.

O informe, recolle tres puntos:

Un. Lexislación específica de aplicación *“ademais das referidas leis autonómica e estatal de transparencia, rexe a Lei 27/2006, de 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente.”*

Dous. Tramitación administrativa.

1. O 27 de xullo de 2017 tivo entrada a solicitude formulada pola plataforma dirixida á obtención de acceso á tramitación ambiental do expediente CO/0357/2012, de avaliación de incidencia ambiental da planta de compostaxe da mercantil [REDACTED] sita no lugar de A Furoca.
2. O 10 de agosto de 2017 deuse traslado a [REDACTED] e se lle comunicou o dito traslado á plataforma.
3. O 31 de agosto de 2017 [REDACTED] fixo alegacións opoñéndose á solicitude de acceso.
4. O 25 de setembro de 2017 remitiuse o expediente á Delegación Territorial, ao corresponderlle ao seu titular a resolución da solicitude, consonte o preceptuado no artigo 27.3 da Lei 1/2016.
5. Non se ditou resolución.

Tres. Fondo do asunto:

A empresa promotora invoca que o acceso *“vulnera los intereses económicos y comerciales de la empresa, al exponer públicamente datos, como decimos de interés económico y comercial así como los relativos a la propiedad intelectual e industrial de nuestra empresa que desconecemos cómo pueden ser llegados a ser utilizados por al competencia.”*

A consellería entende que *“non se pode obviar o referido no parágrafo transcrito, para os efectos de delimitar con precisión cal é a documentación cuxa posta a disposición resulta inocua respecto dos lexítimos intereses económicos e comerciais e de propiedade intelectual e industrial da empresa promotora.”*

Por último indicar que o expediente que achega a administración non é solo a solicitude de acceso á información da plataforma, se non a tramitación da Planta de Compostaxe no lugar da Furoca na súa integridade.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

A lexislación aplicable a este procedemento vén configurada pola citada Lei 19/2013, do 9 de decembro, e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo; e o artigo 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión da Transparencia (órgano colexiado) a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu artigo 28.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que adscríbese a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro. Esta lei 19/2013, do 9 de decembro, sinala que estamos ante unha reclamación con carácter potestativo e previa á impugnación en vía contencioso-administrativa e que se axustará na súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida como *“os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”*.

O artigo 12 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, sinala que o solicitante non está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4).

Cuarto. Análise do expediente

Na análise do expediente xorde a cuestión de se é a Lei 19/2013, do 9 de decembro a lexislación aplicable a este expediente.

O informe da Consellería entende que son de aplicación simultaneamente as leis básicas de transparencia e a Lei 27/2006, de 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente. A disposición adicional primeira 3 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, é mais precisa a lexislación básica é de aplicación no non previsto nas súas respectivas normas reguladoras cando falamos de información ambiental e á destinada á reutilización.

Do expediente se observa que o procedemento de tramitación desta solicitude é expresamente o da Lei 19/2013, do 9 de decembro, pois así se lle comunica, pola consellería, tanto a empresa, como á plataforma nos oficios de 10 de agosto de 2017. Escritos nos que para o trámite de audiencia cita expresamente *“ nos termos previstos nos artigos 19.3 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e 27.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno”*. Igualmente o informe da consellería recolle que é de aplicación o artigo 14 da lei 19/2013, e que o 25 de setembro de 2017 se remite o expediente á Delegación Territorial *“ ao corresponderlle ao seu titular a resolución da solicitude, consonte o preceptuado no artigo 27.3 da Lei 1/2016”*.

Por tanto, á vista do expediente o órgano administrativo entendeu que prevalecía a información pública xeral sobre a información en materia de medio ambiente e aplicou a normativa básica de transparencia, sen citar durante o expediente a lexislación de información medioambiental.

O interesado, sen embargo, di expresamente que se trata dunha solicitude de acceso á tramitación ambiental do expediente CO/0357/2012.

Se ben a administración entendeu que estamos ante unha solicitude de información pública nos termos do disposto no artigo 24 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro o certo é que se se lle requiriu unha información ambiental debeuna tramitar polo procedemento establecido na Lei 27/2006, do 18 de xullo, podendo causar o silencio perxurizos aos reclamantes que poderían ser solucionados pola consellería coa tramitación correcta.

Quinto.- Corresponde por tanto inadmitir a solicitude por falta de competencia en base á disposición adicional primeira.

En conclusión, a Comisión da Transparencia

ACORDA

En atención aos anteriores antecedentes, fundamentos xurídicos, procede

Único: Inadmisión por falta de competencia a reclamación presentada por ██████████ ██████████ en nome e representación da Plataforma na defensa da Terra de Coristanco con data de 30 de outubro de 2017, contra a denegación por silencio da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, en base á disposición adicional primeira.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga